



RESIDENCIA XUVENIL FLORENTINO CUEVILLAS

DATOS XERAIS: O campamento terá as actividades de cociña, aloxamento e manutención nas instalacións da Residencia Xuvenil "Florentino López Cuevillas", na rúa Arturo Pérez Serantes, 2; e as actividades serán no colexio Plurilungüe María Auxiliadora Salesianos, na Praza Don Bosco, 1, na cidade de Ourense

ACCESOS: Situase no centro da cidade de Ourense. Tendo varias opcións de chegada, tanto pola Avenida de Buenos Aires ou como pola Rúa San Francisco.

<https://maps.app.goo.gl/SDMFQr85FashKbu36>

ENDEREZO: Rúa Arturo Pérez Serantes, 2, Ourense. Sito nas coordenadas.

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES
01-08 agosto e 10-17 agosto	12-13-14-15-16	O SABOR DO VERÁN • ACTIVIDADES XERAIS: actividades de cociña (panadería, pastelería, chocolate e froita), saídas para complementar o campamento (praza de abastos, obradoiro de panadería, restaurantes da cidade), visitas ás piscinas, xogos e obradoiros, coñecemento da flora da contorna e dos recursos naturais. • OBXECTIVOS: aprendizaxe de habilidades na preparación de variados tipos de pratos, técnicas decorativas e protocolos de seguridade na cociña; concienciación dunha dieta equilibrada e saudable; explorar a creatividade e desfrutar do ocio na súa dimensión lúdica, formativa e creativa, dende os valores do respecto e convivencia.



NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.
4. **Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas.** Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.
5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.
6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.
Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.
7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.
8. Na páxina web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)", estará dispoñible o modelo de autorización para recollida do menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** na Residencia Xuvenil Florentino López Cuevillas

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono do director +34 620537989 (Beni) durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **11.30 e as 13.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación
- Cantimplora
- Chaleco reflectante

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Sandalias pechadas con velcro
- Sombreiro ou gorra
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiro ou forro polar, chubasqueiro, etc.
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

O horario básico da quenda será o seguinte:

HORARIO BASE	
9:00H	Almorzo
9:30h	Colocación de habitacións e aseo
10:00h	Actividade de mañá con descanso
14:00h	Comida
15:00h	Descanso
16:30h	Actividade de tarde con descanso
20:15h	Aseo
21:00h	Cea
22:30h	Velada nocturna
23:45h	Silencio